



## **Pilar Rojo recibe a unha delegación de deputados xaponeses que visitan Galicia**

**Santiago, 16 de maio de 2014.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, recibiu esta mañá na sede do legislativo galego a unha delegación de deputados da prefectura de Kagawa (Xapón) que se atopan de visita en Galicia.

Rojo Noguera explicoulles o funcionamento da Cámara autonómica e, na súa condición de presidenta da Conferencia de Asembleas Legislativas Rexionais Europeas (CALRE) avogou polo intercambio de experiencias entre os diferentes parlamentos.

A presidenta do Parlamento de Galicia agradeceu a visita da delegación nipona que hoxe se achegou á sede do legislativo autonómico, e recordou a recente estada en Santiago do primeiro ministro de Xapón, Shinzo Abe, que se sumou á efectuada anteriormente polo príncipe Naruhito, as dúas no marco do Ano Dual España-Xapón que conmemora o cuarto centenario das relacións entre os dous países.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.